



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTESEIS DE SETEMBRO DO ANO DOUS MIL NOVE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas do día vinteseis de setembro do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez.

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Dna. María Belén González González.

D. Antonio Estévez González.

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez.

Non asisten os concelleiros D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA UN DE AGOSTO DO ANO DOUS MIL NOVE.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria celebrada en data un de agosto de dos mil nove, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez indica que pola súa parte se pode aprobar, aínda que fan referencia á necesidade de redactar un acta máis explicativa e non tan escueta.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que na páxina 6 parágrafo segundo debe modificarse “ ..de non dar unha solución en decembro terá problemas en Lobios” por “...de non dar unha solución en decembro se adoptaran medidas de presión social e mediática”



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data un de agosto de dous mil nove, resultou aprobada coas observacións indicadas, por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

PUNTO SEGUNDO: ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DE ACORDO

PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DO 2009: BASES DE EXECUCIÓN. PLAN DE INVERSIÓNS. PLANTILLA ORZAMENTARIA.

Dada conta do expediente ó efecto, no que consta o informe preceptivo da Intervención Municipal, a Presidencia somete á consideración do Pleno a aprobación do referido Orzamento para o exercicio do 2009.

Propoño ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal do Concello para o exercicio de 2009 que ascende no seu estado de gastos a UN MILLÓN CENTO CINCONTA MIL CINTO CINCONTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS (1.150.152,64 €) e no seu estado de ingresos a UN MILLÓN CENTO CINCONTA MIL CINTO CINCONTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS (1.150.152,64 €), así como toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Gastos de Personal.....	609.709,69
2	Gastos de Bens Correntes e Servicios.....	437.970,00
3	Gastos Financeiros.....	16.878,45
4	Transferencias correntes.....	13.400,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Inversións Reais.....	46.252,50
7	Transferencias de Capital.....	0,00
8	Activos financeiros.....	0,00
9	Pasivos financeiros.....	25.942,00



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

	TOTAL GASTOS...	1.150.152,64
--	------------------------	---------------------

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACION	PESETAS
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos directos.....	180.394,19
2	Impostos Indirectos.....	32.000,00
3	Taxas e outros ingresos.....	139.834,06
4	Transferencias correntes.....	764.108,82
5	Ingresos patrimoniais.....	1.000,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Alleamento de investimentos reais.....	0,00
7	Transferencias de Capital.....	32.815,57
8	Activos financeiros.....	0,00
9	Pasivos financeiros.....	0,00
	TOTAL INGRESOS..	1.150.152,64

SEGUNDO.- Aprobar o anexo de persoal e as remuneracións do persoal municipal para o exercicio de 2009, conforme se recollen no anexo de persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as bases de execución do dito.

CUARTO.- Expoñelo ao público mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

QUINTO.- Se durante o dito prazo non se presentaran reclamacións, o orzamento municipal considerarase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Remitirlle unha copia do orzamento definitivamente aprobado á Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Economía e Facenda, para cumprir co disposto no artigo 169.4 do Real decreto legislativo 2/2004.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que por parte do seu grupo político, recibiu a información do Orzamento o venres polo que foi imposible revisar dito orzamento xa que non se realizou unha Comisión de Contas, polo que como o seu partido non tivo tempo material para estudialo, non pode votar a favor dos mesmos.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, fai mención a tres matizacións:

- No punto de saúde da fisioterapeuta partida 41.227.00, debe entenderse que se trata da partida correspondente ao Plan Concertado.
- Na Partida 45. 220.01 relativa a prensa, libros...se inclúe o tema da prensa polo que debería de incrementarse mais a partida de promoción de Cultura.
- Na partida de Urbanismo 43.210.01 relativa a reparacións, mantemento e conservación, debe considerarse incluído o material para as competencias de Medio- Rural.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a partida de 41.227.00 é a partida de Plans Concertados, que a partida 45.220.01 é a relativa a prensa e libros da Biblioteca, e non aos demais anuncios que se recollen na partida 12.220.01, e que a partida 43.210.01 é a partida de onde sae a adquisición de calquera tipo de material, continua decindo que a convocatoria se realizou conforme ao recollido nos preceptos legais.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que se trata do Pleno mais importante de todo o ano, continua decindo que para poder estudar a orzamento se precisa mais tempo, xa que o seu partido non tivo tempo material para poder estudalo, aínda que con esto non quere dicir que este mal elaborado senón que simplemente non o puideron estudar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que os orzamentos foron elaborados aplicando o criterio de prudencia, polo que se tivo en conta a baixada dos BICES e a baixada da partida de participación nos tributos do Estado, e por iso o orzamento é inferior ao do exercicio pasado, aínda que se pretende seguir coa labor que se iniciou no exercicio pasado de incluír gastos de exercicios anteriores.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se fai constar a baixada do BICES, e por elo debe mirarse o tema do Lindoso, para estudar unha medida de presión legal ou política para conseguir que o Concello reciba unha contraprestación, xa que non é normal que tendo un ben potencial sexamos os únicos xunto con Zamora aos que se perxudica, polo que se ten que defender os dereitos que lle corresponden a Lobios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que xa se intentou e a resposta foi non, xa que hai un convenio internacional.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que falou con dous deputados e un senador e se incluíu como elemento de presión, xa que hai unha discriminación negativa e se esta perdendo un dereito. Pero se esta de acordo e por iso se esta traballando nelo.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (cinco votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González (catro votos en contra)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN CONTA XERAL DO EXERCICIO 2008.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DE ACORDO

Dada conta do expediente ó efecto, de conformidade co artigo 212.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e co artigo 21.1.f) de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Conta Xeral, xunto con todos os seus xustificantes e Anexos, xa foi levada a Comisión Especial de Contas que a informou favorablemente.

Tamen foi exposta ao público no BOP por prazo de quince días, sen que, durante os cales e oito días máis se presentaran reclamacións, reparos u observacións, por todo elo,

Propoño ao Pleno o seguinte ACORDO

Primeiro: *Aprobar a Conta Xeral do ano 2008.*

Segundo: *Remitir dita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia.”*

Tras unha pequena deliberación, sometida a Conta Xeral a aprobación, resultou aprobada pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Rodriguez Broullón, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Veloso González (1abstención por a non asistencia).

PUNTO CARTO: EXPEDIENTE 2009/046 “PROXECTO ESTRATEXICO DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL 2009”.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O Concello de Lobios ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestructuras rurais (PEIM RURAL 2009) consistentes en Construcción de depósito de auga en Ganceiros, Construcción de depósito de auga en Requeixo, Construcción de levada Fábrica e Acondicionamento do camiño en Vixa de Abaixo, cun orzamento de execución por contrata de 89.996,59 €, e de acordo co Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. (DOG 158 e 159, 14/08/1992 e 17/08/1992), e de conformidade co artigo 72 p1 do regulamento (C.E.) 1968/2005, do 20 de setembro,



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Propoño ao Pleno:

- ? *A disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.*
- ? *A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.*
- ? *Asumir -unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.*
- ? *Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.*
- ? *Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:*
 - a) *que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución*
 - b) *que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.*
- ? *Concello asumirás todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.*
- ? *Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.”*

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, d. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

PUNTO QUINTO: DECRETOS DOS MESES DE MAIO E XUÑO DO 2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO SEXTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que se presentaron Mocions en prazo, por parte dos Grupos Políticos, que foron incluídas na orde do día e que se expoñen polo representante do Grupo político que as presentou.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

1.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 1997:

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

Os problemas socioeconómicos do noso concello son por todos de sobra coñecidos. O emprego é cada vez menor e as empresas teñen dificultades para atopar volume de traballo. Por este motivo entendemos que a obra pública debería de ser executada por empresas do noso concello coa intención de primar a economía local e facilitar a existencia de postos de traballo. Por este motivo entendemos que a obra pública debería de ser executada por empresas do noso concello coa intención de primar a economía local e facilitar a existencia de postos de traballo no rural.

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación e debate en pleno o seguinte acordo:

- Que se inste á xunta a que toda aquelas obras que se fagan no noso Concello por adxudicación directa se lle solicite presentación de oferta as empresas da localidade que poidan executala.*
- Que todas as obras que contrate o Concello de Lobios sexan contratadas con empresas locais”.*

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que en relación ao primeiro punto están de acordo, pero que en relación ao segundo punto o Concello non pode facer a contratación directa senón que ten que cumprir coa lexislación existenet porque senón o Alcalde podería incorrer nun delito criminal por prevaricación, polo que nas obras do Concello se non se trata de obras de adxudicación directa non se pode adoptar ese acordo.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que esta de acordo co exposto polo voceiro do grupo do PP, xa que aínda que hai que intentar favorecer a Lobios, non se pode saltar a legalidade.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se refire aos contratos de adxudicación directa e que son o 90 % das obras que se fan no Concello, continua decindo que o motivo principal é solicitar á Xunta a que as obras de adxudicación directa que se fagan en Lobios, se fagan tendo en conta as empresas de Lobios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que tal e como esta o acordo non se pode votar polo que propón que se inclúa no segundo parrafo..” igualmente que todas as obras de adxudicación directa..”.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se propón a votación a moción co seguinte texto:

-Que se inste á xunta a que toda aquelas obras que se fagan no noso Concello por adxudicación directa se lle solicite presentación de oferta as empresas da localidade que poidan executala.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Igualmente que todas as obras de adjudicación directa que contrate o Concello de Lobios sexan contratadas con empresas locais

Sometida esta proposta coa súa modificación, e coa redacción recollida no parrafo anterior, a votación, resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, d. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

2.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 1997.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

As obras de arranxo da estrada de Grou no seu tramo mais perigoso (a curva da rúa) están paralizadas ante a necesidade de dispor de 20000 euros para abonar o importe dunha casa que impide o avance das obras.

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación e debate en pleno o seguinte acordo:

-Que dado a situación económica do concello de Lobios e o interese xeral da mencionada obra, solicitar do presidente da Deputación Provincial que teña a ben asumir o custo do mencionado ben inmóbel, xa que a estrada e competencia da deputación provincial e o Concello dificilmente poderá asumir dito importe.”

O Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo continua decindo que se trata dunha obra xa executada na súa maior parte quedando unicamente o arranxo da curva que ten un coste de terreo que é inasumible polo Concello e dado que a Deputación ten a función de axudar aos Concellos se lle pide que asuma este coste.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que debe ser o Alcalde o que solicite isto, xa que cando se inicia a obra a Deputación solicita que se conte co compromiso de ter os terreos, continua decindo que a Deputación xa se fai cargo dos proxectos e que será unha vontade política se se decide a asumir este coste.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que esta de acordo co dito anteriormente, pero considera que non debe de dárselle moita publicidade.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que o grupo de goberno ten que chegar a un acordo sen traer estes asuntos ao Pleno, e o Alcalde debe de pedilo antes para abreviar o prazo, e se o Presidente responde que non, entón é cando se debe traer a un Pleno.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o Presidente da Deputación debe saber que isto é un acordo adoptado en Pleno por tódolos grupos políticos, xa que non é o mesmo que vaia o Alcalde a pedilo a que o respalde un acordo plenario.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que os Plenos se realizan cada dous meses e se esperan a que se traia a un Pleno mediante moción se retrasa todo, polo que previamente o Alcalde debe de solicitalo ao Presidente e se este di que non, entón é cando se debe traer ao Pleno.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a moción é unha ferramenta que os políticos debemos usar, continua decindo que non é un retraso senón unha actuación eficaz xa que así leva o apoio de todos os grupos políticos.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que esta de acordo co expresado pero entende que unha vez incluído no orde do día é interesante solicitalo.

Tras unha pequena deliberación, sometida a proposta a aprobación, resultou aprobada pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullón, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Veloso González (1 abstención por a non asistencia).

3.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 1998.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

Varios veciños da capitalidade municipal veñen queixándose das elevadas velocidades coas cales algúns vehículos transitan pola Estrada de Portugal.

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación en debate en pleno o seguinte acordo:

-Eleva o paso de peóns situado diante da casa do concello coa intención de obrigar aos automóbiles a reducir a velocidade”.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que están de acordo co que se propón, pero o Concello non ten autoridade xa que é unha estrada autonómica, polo que non é competencia municipal.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que o que se pode acordar é solicitarlle á COTOP a elevación do paso , xa que son eles os que teñen que dar solución.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que moitos concellos teñen isto regulado, e non entende por que non o pode facer Lobios..



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que os Concellos que teñen Ordenanza Municipal teñen a competencia, pero mentres non se teña dita Ordenanza, non se pode.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que a proposta que se vai votar é a seguinte:

“Instar a COTOP para elevar o paso de peóns situado diante da casa do concello coa intención de obrigar aos automóviles a reducir a velocidade”

Sometida esta proposta coa súa modificación, e coa redacción recollida no parrafo anterior, a votación, resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, d. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

4.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 1999.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

Varios veciños de S. Paio manifestan que teñen serios problemas de acceso as novas tecnoloxías tanto a cobertura do TDT, telefonía móbil como internet.

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación a debate en pleno o seguinte acordo:

- Peticonarlle por escrito as compañías de telefónica móbil que instalen un reemisor na zona e proporcionarlle dende o concello a colaboración necesaria.*
- Peticonarlle a telefónica e a dirección xeral da xunta pertinente que se instale liña de cable que permita o acceso a ADSL.”*

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que non é aceptable que haxa terreos do Concello nos que non se pode facer nin unha chamada, e tampouco se pode aceptar que haxa lugares onde se teñan problemas de acceso a Internet.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que o anterior Goberno fixera un estudo técnico para darlle unha solución ao problema, pero continua decindo que non se pudo facer nada xa que o mellor sitio para colocar a antena é Gustomeau e os veciños non queren e incluso amenazaron con destruír todo o que se fixese, e por iso Telefónica tivo que abandonar.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se instou de novo e se fixo un novo estudo e neste se permitia incluso no Concello, pero continúa decindo que é un tema que afecta a sensibilidade dos veciños polo que se esta buscando outro punto e outras ofertas.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que se presta a falar con Telefónica para que se volva a estudar pero o problema é a sensibilidade da xente.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a cuestión é buscar unha ubicación fora de Gustomeau.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que o problema esta no tendido eléctrico e nos costes.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a ver si co dito polo voceiro do Grupo Municipal do PP se pode facer unha nova proposta, incluíndo a mellor zona e que a acepten os veciños

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que en relación ao ADSL remitiuse unha información o 3 de setembro a Deputación e que xa esta en movemento

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se pode deixar este asunto ata que se teña contestación por Telefónica

Sometida a retirada do asunto, en base ao art.92 do Real Decreto 2568/86, a votación , resultou aprobada pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

Polo que o asunto se retira para tratarse unha vez que se teña a contestación de Telefónica.

5.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 2001.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

Durante os últimos anos temos reiterados problemas co tráfico rodado na capitalidade do Concello Nos meses de verán, semana e Nadal. Pao grupo municipal do BNG a opción que nos parece máis económica e de menor impacto ambiental sería a de arranxar a via que vai ata o colexio público e parte dende a Estrada de Portugal.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación e debate en pleno o seguinte acordo.

Solicitar á deputación unha reunión co seu presidente dos representantes dos grupos políticos coa intención de peticionar que con carácter urxente e por mor do coñecido interese xeral, se proceda a anhear a mencionada vía e a rebaixar a altura na intersección coa Estrada de Portugal e posibilitar o pasado de camións e autobuses”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que a carretera é local polo que o custe é do Concello, polo que o que se pode é pedir á Deputación que poña os medios para arranxar a zona que lle afecta ao Concello.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que a proposta ten que ter o seguinte texto:

“Debido a precaria situación económica que ten o Concello se solicita á Deputación a realización da obra de anhear a mencionada vía e de rebaixar a altura na intersección coa Estrada de Portugal e posibilitar o pasado de camións e autobuses, e pedirlle ao mesmo tempo á COTOP a realización da obra pola parte que lle corresponde da vía.”

Sometida esta proposta coa súa modificación, e coa redacción recollida no parrafo anterior, a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, d. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

6.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 2001.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

Os alumnos de Lobios que cursan bacharelato no colexio público de Bande veñen de sufrir os altos custos de servizo de transporte o que supón unha seria discriminación. A esta situación engádeselle que agora algúns teñen que andar varios quilómetros xa que o autocar non está disposto a recollelos nos seus pobos.

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación e debate en pleno o seguinte acordo:

-Solicitar da consellería de educación un arranxo inmediato e que poña a disposición un servizo de recollida ata o domicilio dos alumnos afectados.”



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, d. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

7.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 2002.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

A comisión de redacción do PXOM con conta con representación de todos os grupos políticos xa que tanto independentes como BNG foron exluídos.”

Este é un documento base de transcendental importancia para o futuro do pobo.

POLO QUE PROPOMOS para a súa aprobación e debate en pleno o seguinte acordo:

- Se incorpore un representante de BNG e outro do grupo mixto a mencionada comisión.*
- Se manteñan reunións informativas co tecido asociativo de cda unha das parroquias e coa Asociación Empresarios do concello de Lobios coa intención de consensuar un documento que conte coa máxima unanimidade social”.*

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que non existe unha Comisión de redacción do PXOM, o único que existe é unha empresa adxudicataria da redacción do PXOM, que é a encargada da redacción do mesmo, continua decindo que a empresa esta disposta a ter reunións informativas cos propietarios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo que retira a mocion

8.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo procede a ler a moción presentada por RE nº 2002.

“Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, ambos concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios presentan para o seu debate en pleno municipal e posterior votación a seguinte moción:

EXPOÑEN QUE:

O anterior goberno da xunta comprometerase a arranxar o forno de esperanzo. O cambio de goberno por en risco o mencionado compromiso.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

POLO QUE

Para o seu debate e aprobación en pleno:

-Se lle solicite a actual consellería de Medio Rural o arranxo do mencionado forno e o compromiso de realización das obras durante o 2010."

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que existe un compromiso político do anterior grupo de Goberno e para asegurar que se inclúen as obras nos orzamentos de 2010 a mellor forma é mediante un acordo plenario.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, pregunta se o Concello ten coñecemento de que o cambio de goberno afectou ás obras acordadas.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que hai unha inactividade plena, continua decindo que o compromiso é político e que se debe manter.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, pregunta se o acordo é de palabra, xa que si é así o actual Goberno non ten coñecemento de facer a obra.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que se tiña un compromiso de palabra coma en todas as demais, xa que o Concello so tiña coñecemento de que se ía facer a obra.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que en asuntos oficiais so vale o que conste por escrito

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que o que pasou foi que o convenio estaba feito, pero non o chegou a firmar o actual grupo de goberno

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vazquez, indica que hai que ter o compromiso político por escrito.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que o concello so ten que autorizar a obra, polo que non é necesario o escrito, continua decindo que as partidas orzamentarias están pero son partidas designadas directamente polo xefe territorial e son partidas de libre execución.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que dando por feito que existía un compromiso verbal entre o Concelleiro de Medio- Rural de arranxar o forno de Esperanzo, o acordo a adoptar pode ter o seguinte texto:

“ Existindo un compromiso verbal entre o Conselleiro de Medio- Rural co concelleiro de Medio Rural do Concello de Lobios, para arranxar o forno de Esperanzo, Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

-Se lle solicite a actual consellería de Medio Rural o arranxo do mencionado forno e o compromiso de realización das obras durante o 2010."



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, d. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (por inasistencia) (unha abstención)

PUNTO SETIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

1.- Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta que pasou coa festa dos Callos, por que se suprimiu e por quen.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que a festa dos callos non esta suprimida senón que se desplazou no tempo, continua decindo que isto se comunicou aos medios de comunicación e saú nos xornais e nalgún outro medio, explica que dito cambio se debe a que nas festas da carretada se fixo tamén unha festa gastronómica, polo que se decidiu cambiar a festa e levala para unha época do ano mais axeitada para a comida de callos como podería ser Semana Santa ou Navidades, conclúe decindo que se trata dun desplazamento da data de celebración.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que non é o mais adecuado xa que se fai en verán porque é cando ven a xente, continua decindo que se se traslada ao inverno a xente non vira porque nun principio se facía o ultimo domingo do mes de agosto pero como se quedaba sen xente, cambiouse ao penúltimo domingo para non coincidir con outras festas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que se quere probar como se acepta que a festa sexa en inverno, e en caso de non ser ben aceptada, sempre se pode rectificar.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se queixan de que non se lles notificara o cambio.

2.- Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta se se teñe coñecemento do abandono da pista peonil do Balneario coñecida como “ a pista da flecha” onde hai un banco caído, e outro a punto de caer, desfáanse as beirarruas e se quitou a terra que tiña que era necesaria para evitar desprendementos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que onte pasou polo lugar e o veu, continua decindo que por parte de protección civil se esta percorrendo e limpando todos os lugares e xa foi subsanado

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que o varrido da terra non é conveniente.

Concedida a palabra ao Concelleiro de obras, Sr. Paz León, responde que xa se limpiou e arraxaron as pedras e os bancos e indica que a mellor solución é pechara o paso.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

3.- Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, solicita información sobre o numero de traballadores non funcionarios que traballan no Concello, a nómina, con cargo a que institución se contrata e que posto desempeñan.

4.- Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que no cruce de vilamea e a devesa hai un letreiro dunha levada e pregunta que levada é.

Concedida a palabra ao Concelleiro de *agricultura, gandería e forestal*, Sr. Carballo Suárez, responde que é o deposito e a levada de canalización, aínda que o enxeñeiro técnico a denominou como levada porque segun el é unha levada, pero a obra que se fixo foi a de canalización que é a que xa se sabia.

5.- Concedida a palabra a Concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. González Gonzalez, pregunta se hai algunha denuncia sobre unha obra na Travesía de Lobios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que hai unha invasión dun camiño publico pola distancia co camiño dunhas obras que esta informando o arquitecto

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e quince minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy